# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

## 2023

Fundación Amigos de Galicia
amigosdegalicia.org

# Seguimos ó teu carón, traballando pola inclusión social e laboral das persoas 1995 - 2023

Fundación Amigos de Galicia
amigosdegalicia.org
comunicacion@fundacionamigosdegalicia.org

# ÍNDICE DE CONTIDOS


Fundación Amigos de Galicia

Misión, visión e valores 6
Principais cifras 7
Estrutura interna 8

**Programas FAG**

Servizo de Orientación Laboral 10
Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade 17
Plan de Loita contra a Pobreza e a exclusión social 20
Especial protección da infancia 29
Programa de acompañamento psicolóxico 35
Programas dirixidos a persoas maiores 36
Programas de voluntariado 38
Programas de igualdade 40

**Campañas FAG**

Nas súas mochilas o seu futuro 42
Conectad@s 43
Comparte Ilusión 44

Anexo I 45



# FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

# QUENES SOMOS

A Entidade conta coa **Axencia de Colocación Emprega aprobada pola Xunta de Galicia**, con número de Expediente 2012/017 e **Número de Identificación 1200000013.**

A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade sen fins lucrativos (Lei 49/2002), rexistrada coma **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199.**

Tamén está rexistrada como **Organización Non Gobernamental para o Desenvolvemento D-32** no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (1995/5), e no Rexistro de Entidades Culturais co nº 36, así como acollida á Lei de Mecenado e aos protocolos vixentes de obrigado cumprimento.

Fundación Amigos de Galicia consta no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia como

ASC-O486.

As contas da entidade están auditadas pola empresa **Galicontrol S.L.**

O principal ámbito de actuación atópase no **territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**, realizando accións puntuais tanto en España coma no estranxeiro.

**AS DELEGACIÓNS ATÓPANSE SITUADAS EN:**



**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Rúa das Tabaniscas, 50 - 15705
Tel.: 981 576 034 / 610 475 763

**PONTEVEDRA**

Edificio Adm. Benito Corbal, 47 - 36001 Tel.: 661 777 352

**OURENSE**

Avda. de Portugal, 59 - 32002
Tel.: 678 920 387

**LUGO**

Ronda das Mercedes, 14 -27002
Tel.: 677 884 748

**VILAGARCÍA DE AROUSA**

Avda. Matosinhos, 2 - 36600
Tel.: 610 475 431

## VISIÓN

Consolidada e afincada en Galicia, cuxo baluarte son as persoas en situación de risco de exclusión social, prestando especial atención á infancia, persoas maiores que viven soas e mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou violencia de xénero. Temos unha visión con altos índices de esixencia respecto do servizo que realizamos, actualizándonos e mellorando cada día a nosa actuación coas persoas en situación de dificultade.

## MISIÓN

A nosa misión é a atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social, en especial á protección a infancia e a integración laboral das persoas en situación de desemprego.

## VALORES

### EQUIDADE

Reivindicando a igualdade e respectando a pluralidade da sociedade.

### INDEPENDENCIA

Actuando de conformidade cos nosos principios expostos nos estatutos.

### TRANSPARENCIA

Poñemos á disposición da poboación, dos/as colaboradores/as e dos/as usuarios/a toda a información sobre o fin dos nosos fondos.

### PROFESIONALIDADE

Cun equipo profesional comprometido coa acción que desenvolvemos e con amplía experiencia no terceiro sector.

PRINCIPAIS CIFRAS

# 18.565 ATENCIÓNS

## A FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

>>38,00% MENORES

**14.716**
Atencións de EMPREGO

**2.359**
INSERCIÓNS no mercado laboral

**794**
Persoas MAIORES atendidas

**547**
Expedientes no DEPARTAMENTO DE PSICOLOXIA

**2.719**
Agasallos entregados na Campaña de NADAL

**849**
Atencións a MULLERES en situación de vulnerabilidade ou violencia de xénero

**4.942**
Persoas recibiron atención das súas NECESIDADES BÁSICAS

242 persoas atendidas con carácter de urxencia

**1.420**
Mochilas entregadas de MATERIAL ESCOLAR

**3.152**
Escolares recibiron charlas de SENSIBILIZACIÓN

| 935 | 252 | 238 |
| --- | --- | --- |
| PATRONOS/ AS | VOLUNTARIOS/ AS | EMPRESAS |

# ESTRUTURA INTERNA

**PRESIDENTE DE HONRA**

Ramiro Carregal Rey

**PRESIDENTE**

Ramiro José F. Varela Cives

**SECRETARIO**

Xoan Carlos Portos Olveira

**TESOUREIRO**

Antonio Costa Sánchez

**VICEPRESIDENTA 1ª**

Gloria Rodríguez Moirón

**EQUIPO HUMANO**

Director Xeral: Jesús Busto Peteiro

Traballadores/as sociais: 6

Psicólogos/as: 6

Orientadores/as laborais: 14

Administrativos/as: 4

Docentes: 1

Marketing e comunicación: 1

Persoal de loxística e almacén: 2

# PROGRAMAS

Servizo de Orientación Laboral e Intermediación

Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade

Plan de Loita contra a Pobreza  e a Exclusión Social

Programas dirixidos á protección da infancia

Programa de acompañamento psicolóxico

Programas dirixidos a persoas maiores

Acción voluntaria

# SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

**UN DOS DESAFÍOS DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA É A MELLORA DAS OPORTUNIDADES LABORAIS DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.**

A Fundación Amigos de Galicia está constituída como Axencia de Colocación, aprobada pola Xunta de Galicia e con número de rexistro 1200000013;

A entidade ten como un dos seus principais obxectivos mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, especialmente aquelas que enfrontan dificultades para integrarse no mercado laboral.

O servizo de Orientación Laboral inclúe diversos programas co obxectivo de garantir que todas as persoas poidan acceder a empregos dignos. Cremos que a plena integración das persoas na sociedade require a súa participación activa no desenvolvemento económico da comunidade, e niso cobra moita relevancia o acceso ao emprego.

Desde este servizo, realiza-se unha planificación individualizada de acordo coa situación persoal, educativa e profesional de cada usuario/a. Todas as accións están enfocadas na inserción laboral das persoas en idade activa na Comunidade Autónoma de Galicia.

## POBOACIÓN DESTINATARIA

O servizo de Orientación Laboral está dirixido a todas as persoas de Galicia en situación de desemprego, prestando especial atención aos colectivos mais vulnerables: mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou vítimas de violencia de xénero, persoas desempregadas de longa duración, mozos/as sen experiencia, persoas inmigrantes, maiores de 45 , persoas con necesidades de formación, e en definitiva, a todas as persoas con dificultades para o acceso ao emprego e que precisen asesoramento.

## ACCESO AO SERVIZO

A Fundación Amigos de Galicia ofrece á poboación un formulario web para aquelas persoas que desexen rexistrarse como solicitantes de emprego na Axencia de Colocación.

VER NA NOSA PÁXINA WEB

## INTERMEDIACIÓN LABORAL

O persoal da Fundación Amigos de Galicia, ademais de ofrecer orientación laboral, realiza accións de intermediación laboral coas empresas. Estas empresas teñen a posibilidade de publicar as súas ofertas de forma gratuíta, recibindo así un servizo de preselección de candidatos/as, orientación profesional e seguimento da oferta por parte da entidade.

VER NA NOSA PÁXINA WEB

## BOLETÍN DE OFERTAS DE EMPREGO

A Axencia de Colocación elabora semanalmente un Boletín de ofertas de emprego (tanto públicas como privadas, así como as propias) co obxectivo de axudar a todos os usuarios na súa procura de traballo.

VER NA NOSA PÁXINA WEB



# PROGRAMAS DE EMPREGO

>> A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade Colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia



Este servizo atópase dentro das subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Proporciónase información ás persoas demandantes de emprego sobre o seu potencial laboral, ofrecendo asesoramento na procura de emprego, deseño de perfís profesionais, servizos asociados, así como un abano de ofertas formativas para facilitar a súa inserción no mundo laboral a través de Itinerarios Públicos Personalizados de Inserción.

## >> SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DE ACTUACIÓNS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL.

Os obxectivos que se buscan alcanzar a través da realización de itinerarios personalizados para persoas en situación de exclusión social e/ou poboación inmigrante son os seguintes:

- ❖ Mellorar as habilidades sociais e os hábitos prelaborais para incrementar as oportunidades de inserción no mercado laboral dos/as participantes.
- ❖ Proporcionar ás persoas as capacidades necesarias para mellorar as súas oportunidades de inclusión laboral.
- ❖ Acadar a integración laboral das persoas atendidas polo programa.

**Persoas en risco de exclusión social**

- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de A Coruña.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Lugo.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Ourense.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Pontevedra.

**Persoas inmigrantes**

- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de A Coruña.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Lugo.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Ourense.
- Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Pontevedra.

O proxecto baseouse en prestacións encamiñadas ao desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos pre-laborais de cara a mellorar as posibilidades de inserción no mercado de traballo das persoas atendidas. O obxectivo foi a inclusión laboral das persoas atendidas.

*Os programas anteriormente mencionados son subvencionados pola Consellería de Política Social de Xuventude a través das subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2022 e 2023, financiadas parcialmente con fondos REACT-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.*

## >> PROSERDE XVI

AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.

O obxectivo deste proxecto foi proporcionar acollida e formación integral aos traballadores contratados para desenvolver novas habilidades, adquirir coñecementos e abordar calquera outra necesidade identificada. Durante o ano 2023, a entidade contou coa participación de dúas traballadoras sociais e dúas psicólogas, financiadas a través deste proxecto.

*Este programa foi subvencionado pola Consellería do Emprego e Igualdade.*

## >> PONTE_COEMPREGO 23

A Fundación Amigos de Galicia realiza diversas intervencións, entre as que se inclúen itinerarios personalizados de inserción, así como outras accións complementarias, co obxectivo de mellorar a empregabilidade das persoas atendidas.

O proxecto desenvólvese en varios concellos da provincia de Pontevedra, con especial atención ás persoas atendidas polo Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social.

*Este programa contou co apoio da Deputación de Pontevedra.*



## CAMPAÑA VENDIMA

A Fundación Amigos de Galicia puxo en marcha unha vez máis en 2023 o "Programa de Inserción Laboral - Campaña de Vendima", co obxectivo principal de facilitar a inserción laboral de persoas con dificultades para atopar traballo.

Estas persoas traballaron en diversas adegas situadas nas principais zonas de Denominacións de Orixe de Galicia: D.O. Rías Baixas (zonas do Salnés e Condado na provincia de Pontevedra), D.O. Ribeiro, D.O. Valdeorras e D.O. Monterrei. Estas adegas colaboraron coa entidade para levar a cabo a campaña de vendima dese ano.

Este programa é posible grazas á colaboración das adegas que mostran a súa responsabilidade social cos veciños e veciñas da súa comarca.



# PROGRAMAS DIRIXIDOS A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

A entidade considera como un dos seus obxectivos primordiais a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, xa que é un requisito fundamental para poñer fin á violencia de xénero, que constitúe unha das máis graves manifestacións de desigualdade social.

## DATOS 2023

**849** ATENCIÓNS A MULLERES EN RISCO OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E/OU VVX

>> **101** INSERCIÓNS A TRAVÉS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN LABORAL

EM-PODÉRATE

## >> EM-PODÉRATE

O programa é unha iniciativa que atende ás mulleres en situación de vulnerabilidade, ofrecéndolles un apoio integral. A iniciativa para desenvolver o programa emana da comprensión da complexidade das súas necesidades e desafíos. É necesario abordar diferentes aspectos que inflúen significativamente na súa vida cotiá: desde as relacións sociais e a saúde mental, ata a súa participación na educación e no mercado laboral.

A través deste programa, as mulleres reciben atención social para satisfacer as súas necesidades básicas, atención psicolóxica para abordar os retos emocionais e mentais, e asesoramento xurídico para resolver calquera problema de índole legal que poidan enfrontar. Ademais, ofrecemos orientación laboral para ensinar a estas mulleres a desenvolver habilidades profesionais e co fin de acadar a independencia económica. O noso obxectivo é capacitalas para que poidan superar as súas dificultades e construír un futuro máis prometedor. *Este programa contou coa financiación da Secretaría Xeral da Igualdade, dentro das subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.*

***DURANTE O ANO 2023 FORON ATENDIDAS 61 MULLERES***

## >> UN NOVO CAMIÑO

UN NOVO CAMIÑO é un programa que se desenvolveu nos concellos de Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa dende abril a outubro de 2023; tiña como principal obxectivo incrementar a empregabilidade das mulleres vítimas de violencia de xénero. O fin era que puidesen acadar a independencia económica e persoal necesaria para romper o vínculo co seu agresor e lograr a súa efectiva recuperación integral. Este programa contou co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade.

***DURANTE O ANO 2023 FORON ATENDIDAS 16 MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DO PROGRAMA "UN NOVO CAMIÑO"***

## >> EM-FEMENINO

EM- FEMENINO é un programa de **fomento da empregabilidade** das mulleres que a entidade realizou en concellos da provincia de A Coruña (A Laracha, Ames, Carballo, Fene, Rianxo e Santiago de Compostela) de cara a proporcionar **ferramentas que melloren as opcións laborais das usuarias** mediante proxectos que abarcan a realización de itinerarios de inserción personalizada e a formación ocupacional, coa finalidade de acadar a inserción no mercado de traballo. *Este programa contou co apoio da Deputación de A Coruña.*

***DURANTE O ANO 2023 FORON ATENDIDAS 73 MULLERES, 36 DELAS CONSEGUIRON UN EMPREGO***



## >> PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE E/OU CON SINGULARES DIFICULTADES

Programa dirixido a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades na provincia de Pontevedra, ofertando diferentes servizos en función das súas necesidades: **asesoramento psicolóxico, xurídico, laboral e apoio social**. Así mesmo ,realizáronse **accións vinculadas no eido da prevención** da violencia de xénero, sendo prioritarias para as persoas que polas súas características persoais, de xénero ou polo seu entorno social e/ou familiar puideron ser susceptibles ó maltrato físico, verbal e/ou psicolóxico. *Este programa contou co apoio da Deputación de Pontevedra.*

***DURANTE O ANO 2023 FORON ATENDIDAS 93 MULLERES***

# PLAN INTEGRAL DE
# LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A Fundación Amigos de Galicia, dende a súa constitución en 1995 como Entidade Prestadora de Servizos Sociais, ten como misión principal atender ás persoas máis vulnerables da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente aquelas que se atopan en situación ou risco de exclusión social e que teñen menores a cargo. Para cumprir con este obxectivo, a entidade desenvolve o "**Plan Integral de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social**".

A través deste programa, garantimos a cobertura das necesidades básicas, tanto alimenticias como non alimenticias, das familias con recursos económicos insuficientes que residen en Galicia. A nosa actuación está centrada en axudar ás persoas máis vulnerables da nosa comunidade, incluíndo individuos, familias e/ou grupos de persoas que enfrontan dificultades semellantes e cuxa dependencia social e financeira está documentada.

Mediante este programa, garantimos o acceso a alimentos, artigos de hixiene e limpeza, roupa, calzado, mobiliario e outros bens necesarios para a vida diaria.



# DATOS 2023

**18.565** **ATENCIÓNS A FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

**>>38,00% MENORES DE IDADE**

**2.917 FAMILIAS ATENDIDAS NA COMUNIDADE GALEGA**



A CORUÑA **32,50%**



LUGO **16,00%**



OURENSE **12,50%**



PONTEVEDRA **39,00%**

**4.942** **PERSOAS DIFERENTES RECIBIRON ATENCIÓN NA COBERTURA DAS SÚAS NECESIDADES BÁSICAS**

## PLAN DE COBERTURA DAS NECESIDADES BÁSICAS

O **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social** ten como obxectivo ofrecer un apoio integral a persoas en situación de vulnerabilidade, cubrindo as súas necesidades básicas.

Este programa permite que todas as familias beneficiarias poidan dispoñer de todos os produtos de primeira necesidade indispensables na vida cotiá.

Os/as usuarios/as do programa son familias con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e que se atopan nunha situación de vulnerabilidade. Todas as familias atendidas contan con informe social.

Os principais colectivos atendidos por Fundación Amigos de Galicia son:

- ☑ **Familias monomarentais ou monoparentais con menores a cargo**
- ☑ **Mulleres vítimas de violencia de xénero con menores a cargo**
- ☑ **Persoas en situación de extrema vulnerabilidade**
- ☑ **Persoas solicitantes de asilo e/ou refuxio**
- ☑ **Persoas maiores, principalmente as que viven soas**
- ☑ **Poboación inmigrante**
- ☑ **Persoas con discapacidade**
- ☑ **Persoas sen fogar**
- ☑ **Parados/as de longa duración**

# ACCIÓNS

| Alimentación | Roupa e calzado | Hixiene e limpeza | Mobiliario do fogar | Material escolar | Necesidades concretas |
|---|---|---|---|---|---|

O programa contempla a entrega mensual de alimentos, tanto perecedoiros como non perecedoiros, a través das cadeas de distribución alimentarias en Galicia. As persoas beneficiarias do programa reciben os alimentos no seu fogar, procedentes de cadeas de alimentación e/ou centros de distribución.

Esta modalidade permítenos chegar a todos os puntos de Galicia, aproveitando a ampla rede de supermercados das cadeas de distribución de alimentos coas que colaboramos.



# PROGRAMAS

## >> PRIMEIRA ATENCIÓN

A finalidade primordial deste programa é proporcionar unha axuda inmediata para satisfacer as necesidades básicas das persoas en situación de urxencia debido ás súas limitacións económicas.

**A través de dito programa a entidade atendeu un total de 611 familias con carácter de urxencia na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2023.**

*Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas da Xunta de Galicia.*

## >> PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES ALIMENTICIAS ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA DE RECURSOS ECONÓMICOS CON RESIDENCIA NALGÚN CONCELLO DE GALICIA

Mediante o Plan de Cobertura de necesidades alimenticias ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, garántese a cobertura das necesidades alimenticias das persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, dando prioridade ás necesidades nutricionais dos/as menores.

*Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FSE.*

## >> PLAN DE COBERTURA DOUTRAS NECESIDADES ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA DE RECURSOS ECONÓMICOS CON RESIDENCIA NALGÚN CONCELLO DE GALICIA

Mediante o Plan de Cobertura doutras necesidades básicas ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, garántese a cobertura doutras necesidades básicas das persoas, tales como a vestimenta e calzado, a hixiene e aseo persoal, o mobiliario e outros enseres do fogar, o material escolar axeitado para a volta ó cole, así como o pago de subministracións básicas.

*Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027*

## >> SISTEMA DE ATENCIÓN E ORIENTACIÓN

Esta actuación comprendeu un conxunto de medidas informativas e de intervención dirixidas á poboación en risco ou situación de exclusión social. Os/as profesionais da entidade informaron aos/ás usuarios/as sobre as prestacións e/ou servizos nos ámbitos dos servizos sociais e outros sistemas de protección social. Ademais, a actuación tivo un carácter preventivo, co obxectivo de detectar posibles situacións que puideran desencadear nun proceso de exclusión social.

Ademais diso, dende a Fundación Amigos de Galicia tamén se lles proporcionou información sobre os diversos proxectos desenvolvidos pola entidade, aos que, no caso de atoparse en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, poderían acceder.

*Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027*

## PODEMOS AXUDARCHE

**Solicitude directa.** A Fundación Amigos de Galicia pon á disposición da cidadanía diferentes canles de comunicación para aquelas persoas interesadas en solicitar axuda:

- A través do formulario de solicitude dispoñible na **páxina web da entidade**: www.amigosdegalicia.org

- **Vía telefónica** chamando ao 610 475 431

Ademais, tamén podes solicitar axuda presencialmente nas nosas oficinas situadas en:

**Santiago de Compostela**
Rúa das Tabaniscas, 50 - 15705
Tel.: 981 576 034 / 610 475 763

**Pontevedra**
Edificio Adm. Benito Corbal, 47 - 36001
Tel.: 661 777 352

**Lugo**
Ronda de las Mercedes, 14 - 27002
Tel.: 677 884 748

**Vilagarcía de Arousa**
Avda. Matosinhos, 2 - 36600
Tel.: 610 475 431

**Ourense**
Avda. de Portugal, 59 - 32002
Tel.: 678 920 387

# NOVAS A DESTACAR

No ano 2023 a Comunidade Autónoma de  Galicia situouse como a **quinta comunidade do Estado que más peticións de asilo recibiu**. Esta situación foi percibida de primeira man pola entidade, xa que un número elevado de persoas atendidas atópanse neste proceso.

Os principais países demandantes dos nosos servizos son Colombia, Perú e Venezuela. Aínda que non hai un perfil definido en canto aos usuarios/as inmigrantes, o certo é que en moitas ocasións existe un denominador común, **e é a situación de irregularidade en España**, polo que a axuda en trámites de estranxeiría é un dos servizos máis demandados. Precisan os servizos de asesoramento e orientación legal sobre temas relacionados co seu status migratorio, dereitos laborais, procesos de regularización...

A entrada en España xeralmente prodúcese con visado de turista que expira aos tres meses, polo que unha vez caducado o seu estado convértese en irregular. Aínda que case o 100% intentan **solicitar asilo ou protección internacional**, a conxestión dos servizos de estranxeiría fai imposible a obtención de cita dentro dos prazos legalmente establecidos. Iso conduce á perpetuación da situación irregular en España, **a imposibilidade de traballar legalmente e a un aumento do empobrecemento e do risco de exclusión social**.

Neste sentido, **cubrir as necesidades básicas preséntase como unha prioridade** onde o departamento de Traballo Social da Fundación Amigos de Galicia intervén, proporcionando alimentos, produtos de hixiene, limpeza ou roupa. Nesta mesma liña, e derivado da experiencia migratoria e das dificultades para iniciar unha vida nun país descoñecido coas barreiras legais e sociais que iso supón, os/as usuarios/as estranxeiros/as **presentan en moitas ocasións situacións de estrés ou ansiedade onde a cobertura de apoio psicolóxico e emocional** da Fundación xoga un papel primordial a través da prestación de terapia.

No referente á **orientación laboral** durante os meses de tramitación, o persoal da entidade realiza un traballo de asesoramento en canto á formación, experiencia previa e mellora da empregabilidade para a futura inserción laboral. Algúns dos pasos a seguir son:

- ☑ **Homologación dos estudos previos**: Para acceder a postos de traballo da súa categoría profesional ou realizar estudos superiores, é preciso homologar os títulos académicos obtidos no seu país de orixe.
- ☑ **Cursos de español:** Dominar o idioma do país é fundamental para acceder ao mercado laboral. Tamén é recomendable coñecer o idioma da comunidade autónoma na que se reside.
- ☑ **Accións formativas para o emprego:** Entidades privadas ofrecen cursos para mellorar as competencias profesionais e facilitar a inserción laboral.

# ESPECIAL

# PROTECCIÓN DA INFANCIA

**DENDE A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA ADICAMOS ESPECIAL ATENCIÓN ÓS/ ÁS MENORES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, OFRECENDO AXUDA A TRAVÉS DE DIFERENTES SERVIZOS DESTINADOS Á PROTECCIÓN DA INFANCIA.**

**38%** **DAS ATENCIÓNS REALIZADAS POLA FUNDACIÓN FORON DIRIXIDAS Á INFANCIA E Á XUVENTUDE**

## APOIO PSICOLÓXICO DA POBOACIÓN INFANTIL E XUVENTUDE

Desde o Departamento de Psicoloxía, levouse a cabo o "Programa de atención psicolóxica dirixida á infancia e mocidade". Os/As profesionais teñen como obxectivo fomentar estratexias saudables para alcanzar o benestar emocional e o equilibrio mental dos/as menores atendidos/as, así como a construción de habilidades, competencias e recursos que lles permitiran afrontar os desafíos das súas vidas.

Este servizo inclúe:

- ☑ **Benestar persoal**
- ☑ **Problemas de conduta**
- ☑ **Mediación familiar**
- ☑ **Habilidades de sociabilización**

*Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. da Xunta de Galicia.*

# PREVENCIÓN

## CHARLAS SE SENSIBILIZACIÓN DIRIXIDAS A MENORES

No ano 2023, as charlas de sensibilización organizadas pola Fundación Amigos de Galicia lograron chegar e atender a un total de **3.152 escolares en varios centros educativos**. Estas charlas abordaron temas fundamentais como a saúde mental, a igualdade, a alimentación saudable e o voluntariado, proporcionando aos estudantes información valiosa e ferramentas prácticas para mellorar o seu benestar e promover unha sociedade máis inclusiva e solidaria. A participación de tantos escolares reflicte o impacto positivo e a relevancia destas iniciativas na comunidade educativa durante ese ano.

- ☑ **SAÚDE MENTAL**: Foron realizadas intervencións en 16 centros en Galicia, alcanzando un total de 1.249 menores. Os temas abordados incluíron "Saúde mental e prevención do suicidio" para centros de educación secundaria; "Educación emocional" para ludotecas de verán con nenos/as de 3 a 12 anos; "Como construír relacións saudables" e "Autoestima, percepción e xestión de situacións violentas. Habilidades emocionais, asertividade e empatía" para centros de primaria.

- ☑ **IGUALDADE**: Acudimos a un total de 12 centros, chegando a 1.090 menores. O programa en centros de educación secundaria levouse a cabo baixo o título "Igualdade, prevención da violencia de xénero e psi coeducación de como construír relacións saudables"; en centros de primaria baixo o título "Igualdade, diversidade, roles e estereotipos de xénero"; e en ludotecas levéronse a cabo talleres baixo o título "Igualdade de xénero".

- ☑ **ALIMENTACIÓN SAUDABLE**: Durante os meses de verán, impartíronse talleres en ludotecas de catro concellos, chegando a un total de 108 nenos/as entre 3 e 16 anos.

- ☑ **VOLUNTARIADO:** Chegamos a un total de 21 centros, sumando 705 menores, que recibiron unha intervención con acceso á información sobre o voluntariado, as actividades da nosa fundación, os nosos programas en marcha, etc.

# APOIO ESCOLAR

**FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA DESENVOLVEU O PROGRAMA “*EN IGUALDADE DENDE A ESCOLA*” DE CARA A DAR RESPOSTA ÁS NECESIDADES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E OUTRAS NECESIDADES.**

O obxectivo do programa foi conseguir que os/as menores de Galicia puideran desfrutar do curso escolar en igualdade de condicións, evitando o círculo de exclusión social e o prematuro abandono escolar.



**NO COMEZO DO CURSO ESCOLAR DO ANO 2023, FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA DEU RESPOSTA ÁS NECESIDADES ESCOLARES DE**

**1420** **MENORES GALEGOS/AS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

*Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. da Xunta de Galicia*

# APOIO NO ÁMBITO DA SAÚDE

**FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA LEVA A CABO NO ÁMBITO DA SAÚDE ACTUACIÓNS COS/CAS MENORES GALEGOS/AS** QUE SOFREN DISTINTAS PROBLEMÁTICAS DENDE O SEU NACEMENTO OU NO SEU DESENVOLVEMENTO E PRECISAN DUNHA ATENCIÓN DIARIA PARA PODER MELLORAR A SÚA CALIDADE DE VIDA.



Este servizo estivo a disposición dos nenos e nenas galegos procedentes de familias con escasos recursos que enfrontaban problemas visuais. Está acción inclúe o pagamento de lentes graduadas a menores en idade escolar co fin de corrixir as súas dificultades visuais a tempo.



